

Resolución do 17 de xuño de 2019 pola que se conceden as axudas da primeira edición do programa Industrias do futuro 4.0, (terceira convocatoria) orientado a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras dentro da iniciativa Industrias 4.0 - captación de investimentos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e se abre o prazo de presentación de solicitudes para a segunda edición.

A resolución do 28 de decembro de 2018 da Axencia Galega de Innovación estableceu as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o programa Industrias do futuro 4.0 (terceira convocatoria) orientado a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras dentro da iniciativa Industrias 4.0 - captación de investimentos, cofinanciadas polo fondo europeo de desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e procedeu á súa convocatoria para o ano 2019 (código do proxecto IN854A) (Diario Oficial de Galicia núm. 28, do 8 de febreiro de 2019)

Esta convocatoria prevé no seu artigo 7 dous períodos de presentación de solicitudes. A primeira edición é para as solicitudes presentadas ata o 8 de marzo de 2019.

O artigo 4 desta resolución de convocatoria establece os requisitos que deben cumprir as entidades beneficiarias para poder optar ás axudas.

Unha vez revisada a documentación inicial dos expedientes xunto coa documentación aportada tralos requirimentos oportunos, o órgano instrutor formulou proposta de resolución de inadmisión dunha solicitude que non cumpría coas esixencias contidas na convocatoria, nas bases reguladoras ou na normativa de subvencións, conforme ao establecido no artigo 32.5 das bases reguladoras.

As solicitudes que resultaron admitidas foron obxecto do proceso de avaliación segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 34 das bases reguladoras.

A comisión de selección prevista no artigo 33 das bases reguladoras, reuniuse o día 3 de xuño de 2019 e elaborou unha relación por orde decrecente de puntuación das solicitudes que cumpren as condicións administrativas e técnicas para adquirir a condición de beneficiario así como os seus custos subvencionables.

O crédito dispoñible para esta edición é o 50% do orzamento da convocatoria, segundo o establecido no artigo 8.2 desta, e non resulta suficiente para financiar os proxectos seleccionados que superan a puntuación mínima de 60 puntos.

Unha vez realizada a instrución do procedemento e á vista do informe emitido pola comisión de selección e a proposta do órgano instrutor para a primeira edición, de acordo co disposto nos artigos 32 e 37 das bases reguladoras,

RESOLVO:

1. Conceder as axudas, respectando a intensidade máxima prevista no artigo 9 das bases reguladoras, ás entidades seleccionadas que figuran no anexo I desta resolución, por orde decrecente de puntuación.
2. Denegar as solicitudes que acadaron unha valoración inferior a 60,80 puntos por non dispoñer de crédito suficiente para o seu financiamento. Estas solicitudes relaciónanse no anexo II.
3. Desestimar as solicitudes que unha vez avaliadas non acadaron 60 puntos de valoración, que esixe o artigo 35.2 da convocatoria. Estas solicitudes recóllense no anexo III.
4. Publicar como anexo IV a relación de solicitudes que foron inadmitidas por non cumprir os requisitos da convocatoria.
5. Abrir o prazo de presentación de solicitudes para a segunda edición desta convocatoria, desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG ata o 31 de xullo de 2019, de conformidade co disposto no artigo 7 das bases reguladoras.

As axudas propostas imputaranse ás aplicacións orzamentarias 09.A3.561A.770.00 e 09.A3.561A.781.0, segundo a natureza da entidade beneficiaria, nas que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Estas axudas están cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixe 1 «Potenciar a investigación o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación», Prioridade de investimento 1.2 «O fomento do investimento empresarial en I+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes», Obxectivo específico: 1.2.1. «Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas por empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora» e actuación CPSO 1.2.1.6 “Proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras no marco da atracción do investimento privado para a posta en valor da I+D+i en Galicia”.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso de alzada perante o Presidente da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela
A directora da Axencia Galega de Innovación
Patricia Argerey Vilar





ANEXO I													
SOLICITUDES CONCEDIDAS													
Expediente	Título do proxecto	Acónimo do proxecto	Nota	NIF	Empresa solicitante	Líder	Orzamento subvencionable	%	Subvención	2019	2020	2021	2022
IN854A 2019/06	Desenvolvemento de tecnoloxías 4.0 para o futuro de Navantia	FAST	82	A84076397	Navantia, S.A. S.M.E.	S	9.932.071,54 €	25	2.488.167,89 €	124.158,39 €	546.165,21 €	1.193.591,40 €	619.252,89 €
IN854A 2019/08	Tecnoloxías 4.0 para a fabricación eficiente	effACTORY	75				2.503.873,55 €		1.108.620,33 €	409.943,67 €	426.550,28 €	272.126,38 €	0,00 €
Participantes													
				861507133	BoegWarner Emissions Systems Spain, S.L.	S	2.075.589,92 €	40	830.235,97 €	348.699,11 €	317.980,38 €	163.556,48 €	0,00 €
				G36871424	Fundación CTAG	N	428.283,63 €	65	278.384,36 €	61.244,56 €	108.569,90 €	108.569,90 €	0,00 €
IN854A 2019/04	Desenvolvemento da "Factoría Inteligente" de BENTELER Automotive Vigo	FIBER 4.0	69	B50846807	Benteler Automotive Vigo, S.L.	S	3.602.286,38 €	25	900.571,60 €	548.787,40 €	314.659,72 €	37.124,48 €	0,00 €
IN854A 2019/02	Albo 4.0: Tecnoloxías dixitais para a industria consorteira do futuro	ALBO 4.0	67	B27737022	Hijos de Carlos Albo, S.L.U.	S	2.472.007,34 €	25	618.001,84 €	105.060,31 €	302.820,90 €	160.680,48 €	49.440,15 €
IN854A 2019/07	Collaborative Layer for Automation and Development of Industrial Innovative Approache	CLAUDIIA	60,8				3.875.536,06 €		1.286.431,84 €	90.050,23 €	544.803,89 €	471.477,26 €	180.100,46 €
Participantes													
				A15064546	Gallega de Mecanizados Electrónicos, S.A.	S	1.269.972,23 €	33,1936	421.550,13 €	29.508,51 €	178.526,48 €	154.498,12 €	59.017,02 €
				A15025422	Gallega de Informática, S.A.	N	889.304,40 €	33,1936	295.192,58 €	20.663,48 €	125.014,06 €	108.188,08 €	41.326,96 €
				G36871424	Fundación CTAG	N	748.328,94 €	33,1936	248.397,68 €	17.387,84 €	105.196,42 €	91.037,74 €	34.775,68 €
				B70035019	Aranitia 2010, S.L.U.	N	967.930,49 €	33,1936	321.291,45 €	22.490,40 €	135.066,93 €	117.753,32 €	44.980,80 €

ANEXO II									
SOLICITUDES DENEGADAS									
Expediente	Título do proxecto	Acónimo do proxecto	Nota	NIF	Empresa solicitante	Líder	Orzamento subvencionable	%	Proposta de subvención
IN854A 2019/01	Investigación industrial produción 4.0 de imaxes dixitais para papel decorativo	CMKY	60				4.182.376,38 €		1.672.950,55 €
				A15038474	Industrias Losán, S.A.	S	3.715.147,71 €	40	1.486.059,08 €
				A151666630	Aserpal, S.A.	N	467.228,67 €	40	186.891,47 €

ANEXO III

SOLICITUDES DESESTIMADAS

Expediente	Título do proxecto	Acrónimo do proxecto	NIF	Empresa solicitante	Nota	Causa de desestimación
IN854A 2019/3	Laboratorio Digital del Futuro	FutureLab	B15964521	Mestrelab Reasearch, S.L.	45	Acadar unha puntuación inferior a 60 puntos, de conformidade co disposto no artigo 35.2 das bases reguladoras.

ANEXO IV

SOLICITUDES INADMITIDAS

Expediente	Título do proxecto	Acrónimo do proxecto	Empresa solicitante	NIF	Causa de inadmisión
IN854A 2019/05	BLOCKC.Enabled Smart Contract Autonomous Platform for Industrial Internet of Things	MROBESCA	Asistencias Técnicas de Ingeniería Consultores, SL	B82492984	Incumpre o disposto no artigo 4.1 a) das bases reguladoras.